

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO  
CURSO: 5º DE PRIMARIA  
MATERIA: Educación Musical  
DATA: 8 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñece en audicións musicais elementos da linguaxe musical previamente traballados.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
Diferencia forte e piano, crescendo e diminuendo, rápido e lento, accellerando e rallentando en audicións musicais.	EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
Identifica os termos: pentagrama – clave de sol - compás – liña divisoria – dobre barra.	EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
Entrega puntualmente e de xeito ordeado as súas tarefas escritas.	EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
Le sinxelas partituras rítmicas ou melódicas que integren elementos da escritura musical previamente traballados.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
Esfórzase por mellorar a súa interpretación na frauta doce.	EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización das tarefas propostas</li> <li>• Participación nas clases on line</li> </ul>
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas</li> <li>• Escalas de observación</li> <li>• Tarefas presentadas</li> <li>• Vídeos interpretando cancións de fruta</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>PARA OBTEN A NOTA FINAL TERASE EN CONTA:</b></p> <p><b>a) Alumnado coas dúas avaliacións aprobadas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resultados da 1ª e 2ª avaliación.</li> <li>- Valoración das tarefas de ampliación propostas.</li> </ul> <p><b>b) Alumnado con avaliacións suspensas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resultados da 1ª e 2ª avaliación.</li> <li>- Valoración das tarefas propostas na materia para a recuperación, reforzo e/ou repaso.</li> </ul> <p>A mestra asignará un valor ponderado ás actividades desenvolvidas a partir do 13 de marzo que dará como resultado unha cualificación. Esta multiplicarase por 0,1 e sumarse á media da primeira e segunda avaliación.</p> <p><b>PARA OBTEN A CUALIFICACIÓN FINAL</b></p> <p><b>a) Alumnado coas dúas avaliacións aprobadas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Media aritmética da cualificación da 1ª e 2ª avaliacións</li> <li>- Revisión desta media aritmética á alza, sobre todo no alumnado que amose interese no desenvolvemento das actividades de repaso, reforzo e ampliación propostas.</li> </ul> <p><b>b) Alumnado con avaliacións suspensas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorarase a entrega de tarefas virtuais.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non procede

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferencia forte e piano e rápido e lento en audicións musicais.</li> <li>• Identifica visualmente algúns instrumentos traballados (violín, violonchelo, contrabaixo, guitarra, piano, frauta, trompeta, fagot, timbais, trompa, tuba).</li> <li>• Clasifica algúns instrumentos traballados (violín, violonchelo, contrabaixo, guitarra, piano, frauta, trompeta, fagot, timbais, trompa, tuba) na súa correspondente familia: vento, corda ou percusión.</li> <li>• Participa na escritura de pequenas partituras rítmicas ou melódicas de obras sinxelas previamente traballadas.</li> <li>• É ordeado e puntual na entrega das súas tarefas escritas.</li> </ul>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>Realizarase un seguimento das tarefas, coa adaptación necesaria en cada caso, para comprobar que o seu nivel de competencia está progresando e supera o nivel requirido para o curso pendente.</p>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento das clases</li> <li>• Entrega de tarefas</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de audios e vídeos</li> <li>• Formularios</li> <li>• Actividades gamificadas</li> <li>• Actividades de lectura e investigación</li> <li>• Interpretación de cancións de fruta previamente traballadas</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Constructivismo: a partir de pequenas realidades coñecidas axudaremos ó alumnado a construír as súas propias aprendizaxes, para que sexan significativas.
<b>Materiais e recursos</b>	Os propostos na Aula Virtual e no blog da Biblioteca

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase a través da páxina web do centro, Abalarmóbil e a Aula Virtual dos cursos.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.